

BANDO

DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO,

FAI SABER

Que dende a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia remitiuse a este concello “**Comunicación sobre a situación de risco en relación á influenza aviaria en aves**” solicitando a súa difusión entre todos os veciños e veciñas de Ribadeo.

O pasado 11 de maio, as autoridades competentes en sanidade animal das Comunidades Autónomas máis o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) **acordaron o levantamento das medidas de restrición sanitaria vixentes desde o pasado 20 de decembro de 2022 en España nas zonas ZER e ZEV.**

Deste xeito, nos concellos **situados en ZEV**, deixarán de aplicarse as prohibicións que ata agora estaban en vigor, non adoptándose ningunha medida especial, **agás a autorización previa para a celebración de calquera tipo de concentración de aves**, por parte das consellerías do Medio Rural (no caso das aves de curral) ou de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (para o resto das aves).

Non obstante, a diminución do risco da IAAP non implica a ausencia total do mesmo polo que cómpre seguir certas recomendacións.

Para maior comprensión desta problemática e das medidas a tomar, xúntase a comunicación recibida ao respecto por parte da Consellería do Medio Rural.

Para calquera dúbida ou aclaración poden contactar coa referida Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, nos teléfonos 981 544 777 - 881 999 070 ou no correo electrónico mediorural.dxgaia@xunta.gal.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, A 24 de maio de

2023 O ALCALDE,

Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Sr. Alcalde-Presidente
Concello de Ribadeo
Lugo

Asunto: Comunicación sobre a situación de risco en relación á influenza aviaria en aves.

Estimado Alcalde-Presidente:

O pasado 13 de xaneiro de 2023, desde a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias enviouse unha comunicación sobre o asunto de referencia na que, derivado do análise continuo de risco levado a cabo en Galicia e no resto do Estado, informábase dun aumento do risco de aparición da influenza aviaria de alta patoxenicidade (en diante IAAP) no noso territorio.

Como consecuencia do citado aumento de risco, adoptáronse unha serie de medidas sanitarias que afectaban aos concellos incluídos nas denominadas zonas de especial vixilancia (ZEV) e zonas de especial risco (ZER) de acordo coa Orden APA/2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa IAAP.

Na data actual considérase concluído o período migratorio de aves silvestres invernantes procedentes do Norte e Centro de Europa, que constitúen o principal vehículo de transmisión desta doenza ás especies de aves domésticas e silvestres autóctonas. Por outra banda, no rexistro de focos notificados desta enfermidade, tanto en aves silvestres como en domésticas, detéctase nas últimas semanas un paulatino descenso deles en todos os países da Unión Europea, incluído España.

Ante esta situación epidemiolóxica, a análise continua de risco concluíu nunha significativa diminución do risco de aparición da IAAP nas aves polo que o pasado 11 de maio, as autoridades competentes en sanidade animal das Comunidades Autónomas máis o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) acordaron o levantamento das medidas de restrición sanitaria vixentes desde o pasado 20 de decembro de 2022 en España nas citadas zonas ZER e ZEV.

Deste xeito, nos concellos situados en ZEV, como é o caso do concello do que é vostede Alcalde-Presidente, deixarán de aplicarse as prohibicións que ata agora estaban en vigor, non adoptándose ningunha medida especial, agás a autorización previa para a celebración de calquera tipo de concentración de aves, por parte das consellerías do Medio Rural (no caso das aves de curral) ou de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (para o resto das aves).

Non obstante, a diminución do risco da IAAP non implica a ausencia total do mesmo polo que cómpre seguir recomendando as seguintes medidas de prevención:



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias
Agroalimentarias Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª
planta
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 777 /+34 881 999 070
mediorural.dxgaia@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, no caso de realizar actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

Así mesmo, e aínda que o serotipo do virus IAAP predominante en Europa en 2022 e 2023 (serotipo H5N1), presenta un escaso potencial zoonótico (transmisibilidade directa ás persoas), e non existe risco polo consumo de produtos avícolas, cursa cunha alta morbilidade e mortalidade entre as aves. Dadas as graves repercusións económicas que a súa presenza pode causar ao sector avícola, é moi importante a súa detección precoz, polo que calquera sospeita de súa presenza, tanto en aves domésticas como en aves silvestres, debe ser comunicada de inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, directamente ou, de existir, a través do veterinario da explotación.

Aproveito a ocasión para lembrar o sistema de rexistro dos currais avícolas familiares de autoconsumo que desde o pasado 2021, teñen obriga de inscrición no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia. Lembro que a finalidade deste rexistro é unicamente sanitaria, para ter a Consellería do Medio Rural coñecemento da súa existencia, ante unha situación de alerta sanitaria por enfermidades como a influenza aviaria no territorio galego.

O rexistro pode realizarse por diversas vías:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), cubrindo o formulario MR 501A – Inscrición no rexistro de explotacións avícolas non comerciais. Xúntase modelo para o seu coñecemento e uso se o consideran. (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR501A&ano=2015&numpub=1&lang=gl>)
- Nas Oficinas Rurais (OR) da Consellería do Medio Rural. <https://www.xunta.gal/servizos-no- mapa>
- Por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Agradézolle a súa colaboración na difusión desta información aos veciños e veciñas do seu concello polos medios que considere.

Reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte



